

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Por Resolución de Alcaldía número 2026-0175, do 24 de marzo de 2026, aprobáronse as bases reguladoras que rexerán o procedemento de selección mediante concurso dunha praza de monitor/a deportivo/a, creándose unha bolsa de emprego da que formarán parte aqueles/as aspirantes que fosen seleccionados/as, con carácter temporal por vacante.

O 31 de marzo de 2026, publicouse no «Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra» número 61 o anuncio da convocatoria, publicándose as bases íntegras no Taboleiro de anuncios da sede electrónica deste Concello (<https://meis.sedelectronica.gal>).

Rematado o prazo de presentación de instancias e en cumprimento do disposto no apartado sétimo das Bases que rexen o proceso selectivo, mediante Resolución de Alcaldía número 2026-0218, de data 13 de abril de 2026, aprobouse a lista de aspirantes admitidos/as e provisionalmente excluídos/as en dito proceso selectivo, fixando un prazo de dous (2) días hábiles, contados dende o día seguinte da súa publicación no taboleiro de anuncios da Sede electrónica do Concello de Meis (<https://meis.sedelectronica.gal>) para presentar reclamacións ou emendar erros ou omisións.

Segundo consta no certificado de auditoría, a precitada Resolución estivo exposta no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello ata o mércores día 15 de abril de 2026.

Considerando o anteriormente exposto, esta Alcaldía, no uso das facultades que ten atribuídas pola lexislación vixente, e en concreto, polos apartados g), h) e s) do artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Aprobar a lista de aspirantes admitidos/as e excluídos/as en dito proceso selectivo, con indicación das causas de exclusión, quedando como segue:

- **ADMITIDOS/AS:**

	APellidos e Nome	DNI	ACREDITACIÓN CELGA
1	TABOADA GARCIA JAVIER	***0821**	CELGA 4
2	COSTA MACIAS IÑIGO	***2468**	CELGA 4
3	DOVAL BLANCO JUAN MIGUEL	***6461**	CELGA 4
4	MORAL CASTRO MARINA	***0065**	CELGA 4
5	MONTECELO MAHIA CRISTIAN	***8631**	CELGA 4

- **EXCLUÍDOS/AS:** Ninguén.

SEGUNDO.- Designar o Tribunal cualificador, composto polos seguintes membros titulares:



- Presidenta: Dna. María Gómez García, Secretaria-Interventora do Concello de Meis ou persoa que legalmente a substitúa.
- Secretario (con voz e sen voto): D. Roberto Carrodegas Méndez, Secretario-Interventor adxunto do Concello de Meis ou persoa que legalmente o substitúa.
- Vogal: Dna. María del Carmen Rey Romero, técnica de xestión (AEDL) do Concello de Meis ou persoa que legalmente a substitúa.
- Vogal: D. José Manuel Blanco Sanmartín, funcionario administrativo C1 do Concello de Meis ou persoa que legalmente o substitúa.
- Vogal: D. Daniel Rubio Pérez, Arquitecto do Concello de Meis ou persoa que legalmente o substitúa.

A reunión do Tribunal cualificador para baremar os méritos achegados polos aspirantes terá lugar o martes día 21 de abril de 2026, ás 09:00 horas na Casa consistorial do Concello de Meis.

TERCEIRO.- Ordenar a publicación desta Resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica da entidade [<https://meis.sedelectronica.gal>] conforme ao previsto nas bases da convocatoria, e de forma complementaria, na páxina web do Concello de Meis.

Significar que a publicación desta Resolución e a exposición da lista substitúen a notificación ás persoas interesadas, en conformidade co disposto nas bases de selección aprobadas.

Contra a exclusión na lista definitiva de admitidos e as recusacións dos membros do órgano de selección poderanse presentar reclamacións, e emendar erros ou omisións, no prazo de dous días (2) hábiles contados dende o día seguinte á publicación do anuncio contendo a mesma no Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Meis.

CUARTO.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno deste Concello na próxima sesión ordinaria que se celebre, de conformidade co preceptuado no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Así o manda e asina a Sra. Alcaldesa– Presidenta, en Meis, na data que figura á marxe deste documento asinado electronicamente, do que a Secretaría toma razón aos únicos efectos de dar fe pública e transcripción ao Libro de Resolucións.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA MARXE

